



Concello de Cangas
Avda. Castelao, Nº2.
36940 Cangas (Pontevedra)

Nº exp. 2018/246.

NOTIFICACIÓN



A Dirección Xeral do Patrimonio Cultural ven de emitir a seguinte resolución, da que de seguido se recolle o seu texto íntegro

* * *

"RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL POLA QUE SE AUTORIZA A REALIZACIÓN DE OBRAS DE RETIRADA DE SIMBOLOXÍA FRANQUISTA DA FACHADA SUR DA TORRE DO CAMPANARIO DA EXCOLEXIATA DE SANTIAGO DE CANGAS .

ANTECEDENTES

- 1 O Concello de Cangas solicitou autorización para proceder á retirada de simboloxía franquista da fachada sur da torre do campanario da Excolexiata de Santiago, situada no dito concello.
- 2 O día 9 de outubro de 2018 presentan, no no rexistro xeral da Xunta de Galicia, edificio administrativo de Pontevedra un oficio do alcalde de Cangas, de data 8 de outubro de 2018, solicitando autorización para a realización das obras contidas no informe elaborado por técnicos da empresa Rocas Graníticas del Condado S.L. Neste documento describense obras encamiñadas á retirada da simbología franquista da fachada sur da torre do campanario da igrexa Ex-Colexiata de Santiago de Cangas (elemento recollido no catálogo das Normas Subsidiarias de Planeamento do Municipio de Cangas, aprobadas definitivamente con data 20.12.1993), situada dentro do casco vello da vila de Cangas. Cómpre sililar que xa no pleno municipal celebrado o 28 de xullo de 2018 acordouse dar un prazo impororrogable de 30 días naturais para proceder á retirada da simboloxía franquista da Ex-Colexiata, acordo co establecido no artigo 15 da Lei 52/2007, de 26 de decembro, da Memoria Histórica. O 14 de setembro de 2018 o Vicario Xeral do Arzobisado de Santiago de Compostela remitiu un escrito no que amosaban o interese do arcebispado de Santiago para colaborar coa Xunta de Galicia no marco das propostas que faga a mesma, dentro das competencias de cada institución. No informe realizado por Rocas Graníticas del Condado S.L.índicase que se procederá á extracción das letras metálicas (unhas 650 uds) e unha placa, saneando posteriormente todo o paramento granítico vertical, eliminando calquera tipo de oxidación restante. Selarán os ocos que lles servían e soporte ás letras con inxertos de material granítico do mesmo tipo e tonalidade que a pedra existente. Tamén se realizará unha limpeza posterior de todas as manchas de pintura que hai nese tramo de fachada, coa técnica necesaria para que o paramento non sufra ningún tipo de dano, empregando un cepillo de raíces suaves e auga tibia e aplicando, se fose necesario, un producto para a limpeza de graffitis tipo Decap 99 de Proliser.
- 3 A Subcomisión de Conservación do Patrimonio Histórico, Artístico e Documental da Igrexa Católica en Galicia, órgano asesor da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, en materia de patrimonio cultural, reunida en sesión ordinaria o día 15 de novembro de 2018, despois de ter vistos os informes dos servizos técnicos, acordou informar

URB



que, dende o punto de vista da protección do patrimonio Cultural, non se atopa inconveniente para a realización das actuacións recollidas na documentación presentada, sempre que, unha vez retiradas as pezas (letras e placa), segundo sexan os ocos deixados no paramento de pedra se proceda a valorar a solución máis idonea a realizar sobre o paramento, decidindo entre facer inxertos de pedra (coma se propón), encher os ocos con morteiro de cal coloreado ou deixar os ocos tal e como estan e deixar que o paso do tempo os disimule. Todos estes traballos deberán realizarse baixo a supervisión dos servizos técnicos de Patrimonio cultural da xefatura territorial de Pontevedra.

Unha vez retiradas todas as pezas, estas deberán quedar depositadas na propia igrexa, para a súa custodia.

CONSIDERACIÓNIS LEGAIS

- 1 Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- 2 Lei 16/1985, do 25 de xuño, de patrimonio histórico español.
- 3 Convenio de colaboración entre a Igrexa Católica e a Xunta de Galicia de 5 de xuño de 1985, para a conservación e fomento do patrimonio artístico e documental da Igrexa Católica en Galicia.
- 4 Decreto 84/2017, do 3 de agosto, polo que se regula a composición e funcionamento da Comisión Mixta Xunta de Galicia - Igrexa Católica.
- 5 A lexislación vixente sobre Réxime do Solo e Ordenación Urbana, en relación coa protección e a conservación do patrimonio cultural.

De acordo con todo o indicado, e no ejercicio das competencias que teño atribuídas en virtude do decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria,

RESOLVO

Autorizar a intervención solicitada tendo en conta o que se recolle no informe da subcomisión mixta de data 15 de novembro de 2018, e que se transcribe no apartado tres dos antecedentes deste mesmo escrito.

Co obxecto de realizar as tarefas de supervisión que lles asigna a subcomisión mixta no citado informe, antes do inicio dos traballos, e con antelación de abondo, deberán dar conta da data de inicio das obras á xefatura territorial de Pontevedra da Consellería de Cultura e Turismo.

Esta resolución emítense dende o punto de vista da protección do patrimonio cultural, sen prexuízo dos dereitos de terceiros e independentemente das autorizacións, licenzas ou permisos de competencia municipal, autonómica ou calquera outros que fosen necesarios para a realización das obras recollidas nela.

Notifíquese esta resolución aos interesados no procedemento, en cumprimento, e para os efectos previstos no artigo 40 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Santiago de Compostela, 13 de decembro de 2018.

Directora Xeral do Patrimonio Cultural".

* * *

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada perante a persoa titular da Secretaría Xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes, que se contará dende o día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto nos artigos 30, 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e co artigo 26.3.c da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

O que se notifica en cumprimento e para os efectos do artigo 40 da citada Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Santiago de Compostela, 19 de decembro de 2018

A Subdirectora Xeral de Protección do Patrimonio Cultural

Asinado dixitalmente ao marxe por dona Beatriz González Loroño

